



A MEMORIA DA PEDRA

O CLAUSTRO DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
E AS COLECCIÓN S QUE ALBERGA



Guía do Claustro

Museo Provincial de Lugo

A MEMORIA DA PEDRA
O CLAUSTRO DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO E AS COLECCIÓNS QUE ALBERGA

Edita

Museo Provincial de Lugo – RMPL

Coordinación

Aurelia Balseiro García

Presentación

Iria Castro Fernández (Delegada da Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo)

Prólogo

Aurelia Balseiro García (Directora do Museo Provincial de Lugo)

Textos

© Aurelia Balseiro García (Dirección do MPL). M.^a Ofelia Carnero Vázquez (Departamento de Arqueoloxía e Historia do MPL). Paula Salinas Somoza (Departamento de Etnografía e Artes Decorativas do MPL). Victoria García Soengas (Negociado de Coleccións do MPL)

Fotos

Museo Provincial de Lugo. Arquivo Reboredo

Depósito Legal

LU 68-2026



Textos en castellano



PRESENTACIÓN

En 1957 o antigo convento franciscano de Lugo converteuse na sede do Museo Provincial de Lugo e posteriormente ampliouse o espazo museístico ata dúas veces para albergar as nosas coleccións. Estas ampliacións non impediron o mantemento do claustro do Museo Provincial de Lugo que, como Ben de Interese Cultural ten necesidades específicas. Dende a área de cultura da Vicepresidencia da Deputación de Lugo somos conscientes da responsabilidade que supón custodiar un BIC para a sociedade de hoxe e do futuro, por iso estamos a desenvolver un plan de mellora específico para o claustro, alén de seguir coa consolidación e rehabilitación dos paramentos leste e oeste, que continuará ao longo do ano 2026.

Alén disto, estas obras van acompañadas dun programa de investimentos museográficos para a mellora expositiva das coleccións amosadas e de traballos de divulgación científica coordinados polo persoal técnico e a dirección do MPL.

Os museos son tamén centro de estudo, de divulgación e espazos para a transferencia do coñecemento e por iso se organizan cada ano as xornadas de divulgación científica, este ano dedicadas ao noso claustro co seguinte título: "A memoria da pedra. O claustro do Museo Provincial de Lugo e as coleccións que alberga", que complementa o citado plan de mellora.

Iria Castro
Deputada Delegada de Cultura, Normalización
Lingüística e Patrimonio Histórico-Artístico

PRÓLOGO

En conxunto, utilizamos a pedra como motivo do discurso argumental sobre o continente e o contido do espazo máis senlleiro do Museo Provincial de Lugo: o seu antigo claustro conventual.

Porén, desde a súa rehabilitación para uso museal a mediados do século pasado, a materialidade da pedra, na solidez da súa construción e na elaboración das coleccións amosadas, reflicte ademais de arte e historia, crenzas e espiritualidade, poder e prestixio ou aspectos da vida cotiá. Todo elo proxecta os valores de sociedades e sistemas pretéritos. Deste xeito, o coñecemento do significado do patrimonio asociado a estes bens culturais mobles e inmobles danos unha visión global do noso pasado desde o século I ata a Idade contemporánea.

O convento franciscano de Lugo foi concebido no medievo para acoller a unha comunidade relixiosa de frades, mais, despois dun incendio devastador, en 1638, rematou o seu arranxo e reconstrución a principios do s. XVIII para continuar coa súa laboura. Ocupado por soldados ingleses e franceses na guerra da Independencia, chegou ata a desamortización de 1835, coa exclaustación e o posterior traspaso a dominio público, concretamente destinado ao concello de Lugo, en 1842, para fins benéficos. As súas dependencias tamén se utilizaron como teatro, almacén e “Inclusa”, mais a derradeira rehabilitación realizada para convertilo na sede do Museo Provincial de Lugo é o seu actual destino.

Os edificios históricos acubillan numerosas historias, experiencias e lembranzas das persoas que os ocuparon ao longo do seu percorrido como bens inmobles de distintos usos e funcións. Pois ben, visibilizaremos ese espazo habitado a través da memoria das persoas vinculadas con esta reconvertida arquitectura conventual xunto co estudo dos bens culturais albergados. As vivencias das persoas enriquecen o patrimonio material e inmaterial polo que neste traballo de investigación e divulgación pretendemos lembralas englobándoas nunha nova resignificación da identidade colectiva a través das memorias individuais, para potenciar o patrimonio comunitario.


Museos como institucións da memoria.

Aurelia Balseiro García
Directora do Museo Provincial de Lugo

INTRODUCCIÓN HISTÓRICA

O claustro do Museo Provincial de Lugo é unha das tres dependencias do antigo convento de San Francisco, xunto coa cociña e o refectorio, que se conservan integradas no actual edificio do museo. Trátase dun dos dous únicos claustros franciscanos medievais que se atopan en Galicia e foi declarado Monumento Histórico Artístico (hoxe Ben de Interese Cultural) o 3 de xuño de 1931.

Situado no costado norte, da actual igrexa parroquial de San Pedro, no ángulo que conforman os muros da nave e do transepto, presenta planta cadrada trazada en falsa escuadra. Cada un dos seus lados está composto por nove arcos de medio punto, organizados en grupos de tres por medio de machóns de sección rectangular. Estas arcadas descansan sobre columnas dobres, de fuste liso, cuxas bases se apoian nun muro corrido que rodea todo o conxunto. Destacan, especialmente, os capiteis acaroados, esculpidos nunha soa peza con motivos que remiten, en moitos casos, a modelos empregados con anterioridade no templo franciscano. A decoración predominante é a vexetal, aínda que, tamén, se atopan exemplares con representacións zoomórficas e antropomorfas, como o capitel con figuras de dragóns, situado no lado oeste ou o que presenta cabezas humanas, no flanco leste.



Plano do claustro do MPL



Capitel con figuras de dragóns



Capitel con decoración antropomorfa

A súa construción data do século XV, como rezan dúas inscricións labradas en caracteres góticos, cuxa lectura non está aínda completamente consensuada. A primeira, emprazada na esquina suroeste, indica o seguinte:

*IHS AN(n)O D(o)M(ini) M(illesimo) CCCC LYY ROY LOP(e)Z HCº MA(n)DO FAZ(er)
ESTOS MARCOS*

Na segunda, que se atopa no muro oriental, no ángulo que conflúe co costado norte, pode lerse:

ANO DE MILL CCCC LV: ESTA OBRA NUEVA/COME(n)ÇOU (?) FREI RODER(i)C DE [...?]



Inscripción do muro sur



Inscripción do flanco leste

Ademais da fábrica medieval, o claustro presenta un segundo corpo, levantado no século XVIII. Na súa construción traballou o mestre canteiro Blas de Barro, contratado na segunda metade da dita centuria, e caracterízase por presentar catro fachadas organizadas en tres tramos, por medio de pilastras dóricas, que coinciden cos machóns do corpo inferior. A ornamentación deste claustro alto, sobria e sinxela, redúcese aos tres emblemas franciscanos que se dispoñen no centro de tres das súas catro frontes: a cruz sostida por dúas mans, símbolo da Orde franciscana, no lado occidental; a Custodia no setentrional e as Cinco Chagas de San Francisco, no oriental.



Emblema das fachadas do claustro



O claustro ca. 1900
Autor: Salvador Castro Freire

Tras a desamortización, as dependencias do antigo convento foron destinadas a Casa de Beneficencia, hospicio e maternidade. Diversas fotografías, de finais do século XIX e comezos do XX, dan testemuño do estado do claustro durante este período, amosando que presentaba as

columnas recubertas de cal, as arcadas empregadas como soportes para tender a roupa e unha pequena construción, cubrindo o espazo central de acceso ao pozo.

En 1949, a Deputación Provincial e o Concello de Lugo chegaron a un acordo polo cal este lle cedía á institución provincial o edificio da Casa de Beneficencia, co fin de trasladar alí o Museo Provincial que se atopaba falto de espazo na planta baixa do Palacio de San Marcos. Coincidindo coas obras de adecuación do inmoble para a instalación do museo, o claustro foi restaurado, baixo as directrices dos arquitectos Luis Menéndez Pidal e Francisco Pons Sorolla. Entre 1951 e 1957, realizáronse diversos traballos de limpeza e consolidación das pandas claustrais (comezando polo flanco norte, que era o máis deteriorado), renovación dos forxados do piso alto, reparación de cubertas, pavimentación dos corredores e restauración do seu xardín.

Deste xeito, o antigo claustro franciscano pasou a constituír, ademais dun dos elementos máis emblemáticos da arquitectura lucense, un espazo expositivo dentro do museo, no que se exhiben actualmente un total de 247 pezas, distribuídas do seguinte xeito: 61 na zona norte, 49 no sur, 65 no oeste, 30 no leste, 23 na sala capitular e 19 no xardín. As máis antigas datan do s. I e as máis modernas do s. XIX.



Postal do claustro de comezos do s. XX
Edición Rogelio Nomdedeu

PETRA SCRIPTA: A COLECCIÓN DE EPIGRAFÍA

Os catro flancos do claustro albergan pezas de diversas coleccións, entre as que sobresa a de epigrafía, tanto polo número como pola calidade dos exemplares que se amosan. En total expóñense 55 pezas e, se temos en conta as 2 inscricións do século XV da fábrica do claustro, sumarían 57. A maior parte delas atópanse na ala leste e no espazo anexo, xunto á arcada que daba entrada á antiga sala capitular. A colección de inscricións expostas abarca, cronoloxicamente, desde principios do século I ata o século XVI. A súa distribución actual é produto da renovación museográfica, inherente ás obras de desin-crustado de 19 pezas e posterior saneamento do paramento do lado leste do claustro, realizadas no 2011, ano do oitenta aniversario da declaración do claustro como Monumento Histórico-Artístico.



Colección de epigrafía do MPL

Na banda leste amósanse, nunha bancada corrida situada na parte inferior da parede, 30 pezas epigráficas das que 26 corresponden a inscricións romanas e 4 a medievais. As romanas distribúense en 13 aras funerarias e votivas, 5 estelas funerarias, 4 placas funerarias, 3 miliarios e unha inscrición monumental con dedicación múltiple do liberto imperial *Saturninus*.

Entre as aras funerarias destacan a dedicada a *Aquilius Euprepes*, pola súa esposa Fortunata, a de *Iulius Rufinus*, contable procedente de Astorga, e a dedicada polos seus compañeiros escravos á peiteadora *Philtates*. Todas foron atopadas na muralla romana de Lugo e retiradas desta no ano 1894.



Inscrición monumental con dedicación do liberto *Saturninus*



Pezas epigráficas na muralla romana de Lugo.
Autor: Salvador Castro Freire

Das aras votivas salientan as dúas dedicadas a *Navia*, ambas procedentes de Guntín (Lugo) e a dedicada a *Virrore Viliaego*, atopada en 1777 mentres se facían traballos de reparación nas rúas de Lugo. Tamén é digno de mención o fragmento superior dunha ara funeraria, con indicación de lugar, *Luco Augusti*, que é a única inscrición romana en mármore de toda a colección.



Aras dedicadas a *Navia* e *Virrore*

Ara funeraria de mármore



Estela con dobre dedicatoria aos deuses Manes

Polo que respecta ás estelas funerarias, é significativa unha con dobre dedicatoria aos deuses Manes (D. M. S.), atopada en 1936, ao facer a escavación para os sotos da Praza de Abastos de Lugo. Das 4 placas funerarias expostas, todas procedentes da muralla de Lugo, cabe subliñar a de *Vecius e Vecco*, dous príncipes indíxenas.

Aos 3 miliarios expostos na banda leste, hai que engadirllas un anepígrafo de grandes dimensións, procedente de Perliños (O Corgo, Lugo) e pertencente ás vías XIX e XX do Itinerario de Antonino, que se atopa no lado sur do claustro, tumbado a carón da porta que comunica coa recepción. Tamén do Corgo (Lugo) é o fragmento de miliario de Adriano, reutilizado como pía bautismal.



Placa funeraria de *Vecius e Vecco*



Fragmento de miliario de Adriano

No espazo anexo á arcada de entrada á sala capitular, expóñense 20 epígrafos romanos e 2 estelas anepígrafas discoides, dos séculos IX-XII, procedentes de San Vicente de Castellón, Pantón (Lugo). As inscricións romanas corresponden a 16 aras, 2 estelas funerarias e as 2 placas, coa inscrición fundacional da cidade de *Lucus Augusti*, dedicadas a Roma e Augusto polo senador romano *Paullus Fabius Maximus* (ca. 46 a. C.-14 d. C.), gobernador da provincia Hispania Citerior entre os anos 4 e 1 a. C., e fundador da cidade lucense e tamén de *Bracara Augusti*.



Vista sala capitular 2011-2025



Placas coa inscrición fundacional de *Lucus Augusti*

Das dúas estelas funerarias, atopadas a carón de diferentes portas da citada muralla, cómpre suliñar a de Severa, falecida aos vinte anos, pola súa forma da casa e a decoración que presenta no triángulo superior, que algúns investigadores interpretan como un crecente luar.

As aras votivas distribuídas neste espazo, sala 3 (bis), organízanse en 14 votivas e 2 funerarias. As votivas presentan, case todas, invocacións ao panteón galaico-romano como *Laho Paraliomego*, aos deuses *Lugobos*, a *Cohvetene*, deidade relacionada coas augas, a *Poemanae*, a *Verore*, a *Rea* e dúas aos *Lares Viais*, cos seus característicos tres fóculos en liña na parte superior.

As dúas aras funerarias atopáronse, tamén, nos paramentos da muralla lucense e unha leva unha dedicatoria aos deuses Manes.



Estela funeraria de Severa



Aras votivas con invocacións a Lucovis, Laho Paraliomego, Cohvetene, Lares Viais

A colección de elementos pétreos epigráficos, que se poden ver no claustro, complétase con 10 pezas datadas na época medieval, das que catro se localizan na esquina na que conflúe a banda leste coa norte; dúas están incrustadas na parede da banda norte; unha na sur; outra na oeste e as dúas inscricións de fábrica do século XV, anteriormente descritas.

Na esquina, xa mencionada, atópanse dúas inscricións de tampas sepulcrais en lousa, incompletas e con grafía visigótica, unha procedente de Santiago de Ferroi (Guntín, Lugo) e a outra de Arxemil (O Corgo, Lugo). Unha terceira, tamén en lousa, pero de superficie rugosa e desigual, o que dificulta a súa lectura e interpretación, está datada no ano 1012 e procede de San Xoán de Tirimol (Lugo).



Tampa sepulcral de Argilo. San Xoán de Tirimol, (Lugo)

Completa o conxunto outra lápida sepulcral, feita en mármore, que correspondería ao enterramento de Frai Sueiro. Con letra carolina e datada no século XIII, procede das inmediacións do antigo emprazamento da igrexa de san Xoán de Portomarín (Lugo).

Na banda sur atópase unha lápida de granito, case completa, mutilada na cabeceira onde estaría a data, que procede de Gomelle (Guntín, Lugo). Coñecida como lápida de Munio, presenta unha inscrición en dúas partes, cada unha das cales percorre unha banda lateral, e, no centro da parte inferior, a palabra AMEN. A parte central está decorada cunha cruz patada da que sae unha liña marcada que chega ata os pés, abríndose en forma de triángulo sen base.




Lápida de Munio

Na banda oeste, preto da porta de acceso á recepción do museo, encóntrase unha peza en forma de paralelepípedo, cunha concavidade na parte superior con dúas rañuras aos lados, onde se le nunha das súas caras: Sancti Ioannis Apostoli. Procede de Arxemil (O Corgo, Lugo).



Peza procedente de Arxemil, (O Corgo, Lugo)

Pechan esta colección dúas inscricións en letra gótica, feitas nunha placa de granito, que se exhiben incrustadas na parede do flanco norte do claustro. Unha procede da antiga casa ou palacio da Encomenda da Orde de San Xoán en Portomarín (Lugo) e a outra atopábase na porta norte do Hospital de Peregrinos que a Orde de San Xoán de Xerusalén tiña nesa mesma localidade.



Debuxos do inscricións do palacio da Encomenda e do Hospital de San Xoán de Portomarín
Autor: Xosé Antón García G.-Ledo

CONSTRUÍNDO COA PEDRA: ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Outra das coleccións pétreas que se distribúe por todos os flancos do claustro, excepto no leste, onde se amosa a citada colección de epigrafía, é a de elementos arquitectónicos. A gran maioría das variadas pezas que conforman esta colección expóñense no lado oeste, espazo no que se levaron a cabo, recentemente, reformas que supuxeron unha mellora na musealización das pezas.



Antes e despois da remodelación da banda oeste do claustro

O conxunto máis numeroso corresponde ao grupo dos capiteis, mostrándose un total de 35, sendo o máis antigo un procedente da igrexa de San Xoán do Campo (Lugo), catalogado como tardorromano dos séculos III-IV, e máis recente, outro da praza do Campo (Lugo), renacentista encadrado entre os séculos XVI-XVII. Todos son orixinarios de edificacións da provincia de Lugo, destacando algúns como o capitel angular con fragmento de fuste helicoidal, románico do primeiro cuarto do século XIII, procedente da igrexa de Santa María de Marzá (Palas de Rei, Lugo).



Capitel de San Xoán do Campo e capitel achado na praza do Campo (Lugo)

Sinalamos, tamén, o magnífico capitel exento, do mosteiro de Santa María de Meira (Lugo), románico cisterciense, da primeira metade do século XIII. Está decorado con catro grandes follas lisas lanceoladas, nas que se aprecian as letras BRPD, moi probablemente a marca do canteiro.



Capitel do Mosteiro de Meira (Lugo)

Da cidade de Lugo, cómpre subliñar o grupo formado por tres capiteis dobres, góticos, do segundo terzo do século XIV, que proceden do convento de San Domingos. Xunto cos capiteis, expóñense tres bases, unha angular que fai xogo co capitel correspondente, de cronoloxía románica e outras dúas góticas procedentes do antigo convento de San Francisco de Lugo.



Capitel dobre do antigo convento de San Domingos, (Lugo)

Colocados na parede, nuns soportes deseñados para visualizar a súa disposición orixinal, encóntranse 3 canzorros, dous de estilo románico e un gótico, todos de procedencia incerta. Tamén, na mesma banda e preto da porta de acceso ao vestíbulo, sobre unha estrutura de apoio, expóñense 3 pezas, unha correspondente a unha tracería de ventá gótica flamíxera do século XVI, orixinaria da casa-torre da Viña en Lugo, e dúas claves de bóveda do Renacemento, de finais do século XVI, recollidas entre cascallos do mosteiro de Santa María de Meira (Lugo), no ano 1975.



Canzorro románico con decoración zoomórfica

No mesmo corredor, atópanse catro fragmentos de fustes de columna, en granito, de diferentes alturas e grosos, con orixe probablemente romano, aparecidos en intervencións arqueolóxicas realizadas na cidade de Lugo.

No corredor norte, sitúanse dúas pezas en granito, molduradas con volutas, roleos e decoración vexetal, barrocas do século XVIII, que, seguramente, formaron parte dunha estrutura de arranque dunha escaleira. Incrustada na parede deste lado está, tamén, unha peza granítica con restos de policromía en vermello, de estilo Rococó do século XVIII, que corresponde a un remate arquitectónico de procedencia descoñecida.



Tracería de ventá da casa-torre da Viña (Lugo)

Para finalizar a colección de elementos arquitectónicos, agruparemos un conxunto de pezas relacionadas coa auga. Así, no flanco sur, pódese ver un parapeto de pozo galaico-romano, aparecido nunha intervención arqueolóxica na rolda da muralla, preto da porta Santiago (Lugo). Na banda norte, atópanse unha pedra labrada de granito perforado para a condución da auga que, probablemente, formou parte do acueduto que o bispo Izquierdo ordenou construír no século XVIII, así como un canal de cantería de media caña, composto por dous tramos que se acoplan entre si, datado tamén no século XVIII, e aparecido nunha intervención levada a cabo nun inmoble da rúa San Marcos en Lugo.

O TEMPO ESCULPIDO: A COLECCIÓN DE RELOXOS DE SOL

No corredor norte do claustro, amósanse 42 dos 45 reloxo de sol que se conservan no Museo Provincial de Lugo, unha das coleccións máis importantes de Galicia. Están realizados en granito e lousa, agás un que é de mármore, e son de factura popular. Encádranse nun marco cronolóxico que abrangue dende finais do século XVII ata o século XIX.




Colección de reloxo de sol

Os reloxo de sol son instrumentos empregados para medir o tempo durante o día e son os precursores da relojería mecánica. O seu funcionamento baséase na observación da traxectoria do sol e da sombra que proxecta, sendo a Gnomónica a ciencia dedicada ao seu estudo e á medición do tempo, a través da sombra proxectada polo movemento aparente do sol. En canto á súa distribución xeográfica, en Galicia son máis abundantes na contorna rural que nas cidades, situándose en hórreos, pequenas igrexas e vivendas acomodadas. A súa construción está vinculada co traballo de ferreiros (para a fabricación do gnomon) e canteiros (para o cuadrante). Na parte oriental de Lugo e de Ourense, era moi común o uso de laxas de lousa para elaborar os cuadrantes, debido á dispoñibilidade deste material na zona, a pesar de que é máis fráxil que o granito, o que dificulta a súa conservación.

Os reloxo de sol constan de dúas partes:

1. A cara ou táboa: é a superficie (plana, cóncava ou convexa) onde se proxecta a sombra e na que están marcadas as liñas que representan as horas do día, deseñadas, especificamente, para a latitude xeográfica onde se instala o reloxo.



Debuxo Partes do reloxo de sol

2. O gnomon ou estilo: é o cartabón metálico ou a variña que proxecta a sombra que indica as horas. Esta parte debe estar aliñada co eixo de rotación da Terra e necesita ter unha inclinación, axustada á latitude específica do lugar para indicar a hora correcta.

A tipoloxía máis común en España é a do reloxo vertical orto-meridiano. O seu plano é perpendicular ao meridiano da súa localización, polo seu deseño, e estaba orientado cara ao sur, capturando así a traxectoria solar ao longo do día.

O PODER NA PEDRA: A COLECCIÓN DE HERÁLDICA

No claustro, tamén se pode admirar unha gran parte das pezas, que conforman a colección de heráldica do MPL; outras sete atópanse nos muros da recepción do edificio. As labras heráldicas dispóñense en tres dos flancos do claustro: no norte, sur e oeste, quedando libre o lado leste, no que se mostra a maior parte da colección de epigrafía. Isto é así desde o ano 2011, no que se levaron a cabo as obras de remodelación desa banda; ata ese momento, na esquina preto da arcada de entrada á sala capitular, incrustado na parede, podía verse un gran escudo, dividido en cinco cuarteis e profusamente decorado, procedente de Santa María de Uriz (Castroverde, Lugo).



Traballos de desincrustado do escudo de Santa María de Uriz

No lenzo da parede norte, expóñense 9 labras heráldicas. A carón da porta de acceso ao vestíbulo do museo, posto en esquina, atópase un escudo da familia dos Mosquera, procedente dunha casa derrubada en 1929 na prazuela da Nova, chamada na actualidade praza de Ánxo Fernández Gómez, en Lugo. A continuación, incrustados no muro, pódense ver, xunto con outras pezas da mesma orixe, tres escudos do século XVI, que formaron parte de edificios do vello Portomarín (Lugo): dous do palacio da Encomenda e un terceiro do antigo Hospital de Peregrinos que a Orde de San Xoán de Xerusalén tiña nesa localidade.

Deseguido, atópase un escudo acuartelado, de factura rudimentaria, que pertencía á casa señorial da familia dos Saco, en Santa Baia de Teilán (Bóveda, Lugo). No centro da parede desta banda, sitúase o enmarcado dunha porta procedente do convento de Santo Domingo, que porta un escudo coas armas do bispo de Lugo, Frei Francisco Izquierdo Távira



Labras heráldicas procedentes de Portomarín

Datado no ano 1758, conserva restos de policromía. As labras heráldicas deste corredor do claustro rematan con tres procedentes da casa torre de Bidouredo (Monterroso, Lugo).

Despois, atópase un escudo acuartelado, de factura rudimentaria, que pertencía á casa señorial da familia dos Saco, en Santa Baia de Teilán (Bóveda, Lugo). No centro da parede desta banda, sitúase o enmarcado dunha porta procedente do convento de Santo Domingo, que porta un escudo coas armas do bispo de Lugo, Frei Francisco Izquierdo Távira. Datado no ano 1758, conserva restos de policromía. As labras heráldicas deste corredor do claustro rematan con tres procedentes da casa torre de Bidouredo (Monterroso, Lugo).



Porta coa labra heráldica do bispo Francisco Izquierdo Távira

No flanco oeste do claustro, pódense ver 4 escudos incrustados na parede. Comezando polo tramo pegado á porta de acceso, encóntrase un escudo acuartelado, timbrado cunha coroa condal que sobresa, procedente do pazo de dona Urraca (Lugo). A continuación, un brasón coroado por un helmo posto de fronte, do que sae un brazo armado cunha espada. Ata a súa entrada na colección do museo, en marzo de 1953, no seu emprazamento orixinal ocupaba a clave do portalón de acceso á casa señorial de Sobrada de Aguiar en Outeiro de Rei (Lugo).



Escudo dos Montenegro

Séguelle un escudo cun gran M rematado por unha coroa semicircular, que conserva restos da policromía en tonalidade ocre e que formaba parte dunha casa da familia Montenegro que estaba no n.º 2 da actual rúa san Froilán. A última labra, incrustada na parede deste lado, corresponde a un escudo ovalado dunha ermida da provincia de Ourense, fundada por Pedro de Sotelo de Novoa, en 1699.

As pedras heráldicas desta banda rematan con 3 tampas sepulcrais que portan escudo e inscrición. A de maior envergadura corresponde á sepultura de Pedro Díaz Sanjurjo, á súa muller María Fernández e ao seu fillo Pedro Díaz Fernández, clérigo de Carral, como se descifra da inscrición que a rodea. Procede da igrexa de Saavedra (Begonte, Lugo). Da fortaleza de Pambre (Palas de Rei, Lugo) procede a lauda sepulcral dos fillos do capitán Payo Varela, datada no ano 1620 e labrada rudimentariamente. Remata o conxunto unha tampa sepulcral con escudo de forma irregular, procedente da igrexa de Santa María de Trobo (Begonte, Lugo).



Tampas sepulcrais con escudo e inscrición

O muro do flanco sur está dividido por contrafortes, en cuxos espazos resultantes se poden ver importantes labras heráldicas como a do bispo Francisco Armañá y Font, que ocupaba un ángulo do edificio do antigo cárcere de Armañá, levantado no ano 1776. Neste tramo, postos na parede, atópanse catro pequenos emblemas coas armas do cabido, que no seu día estiveron colocados en casas da súa propiedade, e un curioso escudo coas armas dos Neira.



Un dos tramos do corredor sur do claustro

Noutra das divisións, sitúanse tres escudos procedentes de Mondoñedo (Lugo); dous, datados a finais do século XVI, están atribuídos ao artista mindoniense Pedro de Artiaga: nun represéntanse as antigas armas de Galicia e no outro os emblemas do bispo Juan de Liermo Hermosa (1574-1582). O terceiro escudo estivo colocado nunha fonte de Mondoñedo e pertenceu ao bispo Juan Antonio Muñoz e Salcedo (1705-1728). No último tramo, no medio da cadea coñecida por "A Mariscal", expónse o escudo coas armas dos Pardo, procedente do castelo da Frouxeira (O Valadouro, Lugo) e relacionado co mariscal Pardo de Cela (1425-1483).



Escudo do castelo da Frouxeira (O Valadouro, Lugo)

Rematando esta sección atópase un gran escudo con seis cuarteis que procede dunha casa de Cee (Corcubiión, A Coruña), timbrado por un helmo con penacho de plumas, profusamente decorado polos lados. Conserva restos de policromía en tons vermellos e dátase no século XVIII. No mesmo flanco sur, pódense ver outras catro pezas que se distribúen polo espazo do corredor, así temos un escudo procedente da fachada da torre de san Martiño de Ombreiro, datado no século XVI; outro que se atopaba na casa de Loureiro en Hermunde (Pol, Lugo), feito en pedra calcaria, timbrado por un helmo rematado cun penacho de plumas, que está datado a mediados do século XVII.

Finalizando o conxunto de pezas heráldicas expostas, hai dous bloques con inscricións e figuras; un co emblema da Orde de San Domingos, que procede dunha casa da rúa Nova en Lugo, de 1697, e outro de procedencia descoñecida, que leva dentro dun círculo un castelo ameado e que se remonta ao 1761. Nos muros do claustro e, formando parte da súa fábrica orixinal, tamén se dispuxeron escudos. No ángulo suroeste, na parte interior e ao lado dunha das inscricións, aparece un escudo acuartelado gravado de forma rudimentaria. Na esquina nordés, enriba da imposta dos arcos e enfronte da arcada da sala



Escudos situados na fábrica orixinal do claustro

capitular, pódese ver un pequeno escudo cunha aguia coas ás abertas. Ademais, na parte interior do ángulo sueste, tamén sobre a imposta dos arcos, aparece outro escudo medio partido e cortado no que se aprecia un castelo, un león rampante e cinco barras onduladas.

Por último, en tres dos paramentos exteriores da parte alta do claustro, levantada no século XVIII, dispóñense tres escudos con emblemas da Orde franciscana.

AS FORMAS DA PEDRA: MOSTRAS ESCULTÓRICAS

As mostras escultóricas que se expoñen no claustro concéntranse, fundamentalmente, no corredor sur. Destacan catro fragmentos de baldaquino, de factura gótica, procedentes da igrexa de Santa Mariña de Fragas (Campo Lameiro, Pontevedra) que se amosan colgados no lenzo mural. As dúas pezas centrais, con representacións da Epifanía e da Anunciación, formarían parte dun mesmo conxunto, posiblemente, un baldaquino de esquina, mentres que os paneis superior e inferior, nos que pode verse o Descendemento de Cristo e unha *Maiestas Domini*, pertencerían a outros dous baldaquinos dos que non se conservan máis partes.

Tamén se dispoñen na parede do corredor varias esculturas populares de temática relixiosa. Datadas no século XIX, están labradas en granito e, nalgúns casos, policromadas, como sucede coa *Virxe das Angustias*, realizada por canteiros de Román (Vilalba, Lugo).

Merecen especial mención as mostras de arte funeraria, como os dous sartegos antropomorfos dos séculos IX-X, situados a carón das arcadas. Cómpre salientar o exemplar que procede da parroquia de Santa María de Zolle (Guntín, Lugo), por tratarse dun sepulcro dobre, pensado para dúas persoas, e decorado na cabeceira cunha cruz patada. Unha peculiaridade desta peza é o desgaste que presenta nun dos seus bordos, resultado de ter sido reutilizada, ademais de como pía para darlle de beber ao gando, como pedra para afiar ferramentas.

Outra peza notable é a tampa sepulcral figurada que pertenceu a Frei Andrés Pardo, abade do mosteiro monfortino de San Vicente do Pino, entre os anos 1509 e 1512. Realizada en pedra calcaria, nos primeiros anos do século XVI, segue os canons estilísticos do



Fragments de baldaquinos e tallas populares



Sartego de Zolle

gótico na representación do xacente que, vestido de pontifical e toucado con solideo, descansa sobre un lenzo de amplos pregos e repousa a cabeza sobre dous almofadóns decorados con ricas orladuras.

Completan a colección de escultura funeraria tres sepulcros da familia Salgado Gundín, procedentes da igrexa de San Miguel de Esporiz (Monterroso, Lugo). Trátase da tampa sepulcral coa figura do clérigo Antonio Salgado Gundín e de senllos enterramentos completos, con xacentes de cabaleiros, correspondentes ao seu fillo Paio e ao seu neto Juan.



Tampa sepulcral de Frei Andrés Pardo

Tamén se expoñen, no claustro, varias pezas escultóricas que formaban parte de fontes. Na parede sur poden verse dous medallóns graníticos, cos relevos de San Lourenzo e San Xerome, realizados en 1726, segundo deseño de Frei Agustín de Otero, para unha fonte de Mondoñedo. Por outra banda, no corredor occidental amósanse tres bocas de fonte con decoración antropomorfa: unha de época romana, atopada na cidade de Lugo, e outras dúas do século XVIII, procedentes da desaparecida fonte do Obelisco da praza de Santo Domingo (Lugo).



Sepulcros de Paio e Juan Salgado Gundín



Boca da desaparecida fonte do Obelisco da praza de Santo Domingo (Lugo)



Praza de Santo Domingo (Lugo) ca. 1910
Autor: Salvador Castro Freire

Cómpre salientar, ademais, a parte inferior dunha estatua galaico-romana, achada no castro de San Fiz de Bergazo (O Corgo, Lugo), que se expón no ángulo sueste do claustro. Trátase da escultura duns pés humanos de grandes proporcións, espidos e tallados con detalle, que se dispoñen sobre un bloque de granito, a modo de peaña ou cuña, empregado para sostener a peza verticalmente ao soterrarse no chan.



Pés de Bergazo

Por último, cabe destacar unha pequena placa de pedra coa representación de Cristo crucificado, de labra rudimentaria e orixe descoñecida, así como unha cruz patada en altorrelevo, de época medieval, atopada entre os escombros do que foi o edificio da Encomenda de San Xoán de Portomarín, demolido en 1938.

VARIOS

O claustro do Museo Provincial de Lugo acolle, ademais, outras pezas que non se encadran nas anteriores seccións. É o caso da colección de elementos de ferro que se expón no ángulo sueste, composta por sete cadeas e dous grillóns, que proveñen de distintos castelos e fortalezas da provincia de Lugo. Salienta, especialmente, unha cadea do século XV, procedente do cárcere de Mondoñedo, coñecida como “A Mariscalá”. O seu nome débese á tradición, que sostén que foi empregada para aprisionar o mariscal Pedro Pardo de Cela ata o momento da súa execución.



Colección de cadeas e grillóns

Na ala occidental poden verse unha pía bautismal renacentista e un azulexo do século XVIII. A primeira, de factura popular, está labrada en granito e composta por unha base cilíndrica, un fuste con decoración xeométrica e unha copa ornamentada por medio de profundas liñas incisas.

O azulexo, pola súa parte, atópase enriba da porta que comunica o claustro co vestíbulo do museo. Pertence á desaparecida olería, fundada en Lugo por Juan Francisco de Castro, e procede da fachada dunha casa situada fronte á Porta Falsa da muralla. Presenta pintadas en azul, as palabras *VARIO DEEL* e a figura dun paxaro apoiado no talo dunha planta, conformando o xeroglífico “Barrio del pájaro”.



Azulexo co xeroglífico “Barrio del pájaro”


Por último, cabe mencionar outras dúas pezas singulares que se amosan no flanco sur: unha coroa real barroca, esculpida case en vulto redondo, que presenta un perpiaño na parte posterior, para ser inserida nun muro ou pedra de armas, e unha tampa sepulcral altomedieval de lousa, orixinaria de Santa María de Proendos (Sober, Lugo), que destaca por ser a máis antiga das que se conservan no claustro do museo.

A VIDA ARREDOR DO CLAUSTRO: MEMORIA E PATRIMONIO INMATERIAL


O convento franciscano de Lugo foi concibido no medievo para acoller a unha comunidade de relixiosa de frades. Da súa construción quedan pegadas como as marcas dos canteiros descubertas no muro leste do claustro con motivo das obras realizadas en 2011, arredor dun arco tapiado que daría acceso ao transepto da igrexa anexa.



Arco e marcas de canteiros



Debuxo dos signos lapidarios gravados no arco



Non obstante, da vida dos monxes apenas existen referencias documentais debido quizais ao gran incendio que sufriu o edificio no s. XVII. Despois da exclaustración do s. XIX, durante un tempo estivo semiabandonado ou usado como almacén ata que revirte, a instancias do concello de Lugo, en Casa de Beneficencia e maternidade municipal, rexida por relixiosas coa supervisión da Xunta de Beneficencia. Daquela, viviron aí moitos nenos e nenas orfos, cuxa memoria tratamos de recuperar desde o MPL en varias ocasións, lembrando, especialmente, a Gil Prieto (1935-2011), Maruja García ou Remedios López Pillado, criados entre estes muros e logo traballadores da Deputación de Lugo que compartiron as súas vivencias con nós.



1907. Claustro. Casa de Beneficencia. Arquivo Reboredo

Por suposto, dentro deste apartado de persoas que viviron nesta Casa, é obrigatorio facer unha mención especial a Luis Gómez Pacios (1925-1983), non só como destacado pintor local, senón, fundamentalmente, como traballador deste museo, verdadeiro factótum na época dos directores Vázquez Seijas e Arias Vilas.



Luis Gómez Pacios

Nas fotografías amosadas poden verse as condicións de vida desa rapazada, acollida na denominada popularmente "inclusa" (ou hospicio), durante a primeira metade do século XX, mais, quedan aínda moitas historias reais que contar, como a de José M.^a Rodríguez Lago (1922-2015) e Josefa Pérez Montouto (1924-2025), que se namoraron alí de novos e logo casaron formando unha familia.

Ademais de protagonizar outras moitas actividades da programación do MPL, que tiveron cabida neste espazo, como presentacións, concertos, xogos, visitas..., a memoria do claustro está presente, así e todo, a través das persoas, tal e como se reflicte na gravación do documental *A arte que se pisa*, con Jesús Amor Vázquez, artífice do pavimento pétreo cando se rehabilitou, na década dos 50 do século pasado, como traballador da empresa Varela Villamor, que contou a súa experiencia no 2009, deixándonos un relevante testemuño.



José M.^a Rodríguez Lago e Josefa Pérez Montouto

A carón destas e outras accións, poñémoslles nome a todas as persoas posibles, en función das súas vivencias, neste inmobile, activando a memoria pasada e a creatividade presente e tendo en consideración que os museos son, a todos os niveis, institucións da memoria.

Pois ben, esa humanización do claustro debe incluír a todos os traballadores do museo, á sociedade lucense que, por mor de celebracións, como casamentos, realizaba as fotos de voda neste emblemático lugar, a visitantes anónimos ou ilustres, que logo contan a súa experiencia, a artistas que se inspiraron no edificio ou nas coleccións expostas..., en fin, continente e contido do claustro do MPL foron, son e serán referentes emocionais para moitas persoas.



1966. Voda de Zalo e Paz



Antigo convento de San Francisco antes da súa reconversión en Museo Provincial de Lugo a mediados do século XX



Museo Provincial de Lugo